



INFORMACIÓN SOBRE A RENOVACIÓN PARCIAL DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR CURSO 2022-23

APERTURA DO PLAZO PARA A ADMISIÓN DE CANDIDATURAS AO CONSELLO ESCOLAR (DO 4 AO 11 DE NOVEMBRO)

Cada dous anos renóvase parcialmente o **CONSELLO ESCOLAR**, órgano a través do cal PARTICIPAN NA XESTIÓN DO CENTRO os distintos membros da comunidade educativa.

Por mor da pandemia quedou adiada ata o curso 21-22 e o curso 22-23.

No presente curso 2022-23, cumpre renovar:

SECTOR PROFESORADO: **3 profesor@s**

SECTOR RESPONSABLES: **1 nai/pai/titor legal**

SECTOR ALUMNADO: **2 alumn@s**

O día 4 de novembro de 2022, ás 11:00h quedou constituída a Xunta Electoral que regulará o proceso das eleccións ao Consello Escolar 2022/23 para os sectores de :

RESPONSABLES – ALUMNADO – PROFESORADO

De conformidade co establecido na [Resolución do 19 de setembro de 2022](#) da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, esta Xunta Electoral procede á adopción dos seguintes acordos:

- 1) Aprobar e publicar os censos de electores no taboleiro de anuncios do centro.
- 2) Solicitar representante ao Concello.
- 3) Establecer o calendario das eleccións ao CONSELLO ESCOLAR.

A **presentación de candidaturas** poderase facer efectiva entre os **días 4 e 11 de novembro**, en horario de **9:00 a 14:00 horas**, agás o derradeiro día que rematará ás **13:30 horas**, na Oficina de Administración deste centro. Os impresos de candidatura estarán á súa disposición nesta mesma oficina. A proclamación provisional de candidaturas farase efectiva o día 14 de novembro, ás 09:00 horas. Poderanse presentar reclamacións os días 15 e 16 de novembro, de 9:00 ás 14:00 horas.

A Xunta Electoral procederá o día 17 de novembro a :

- Proclamación e publicación de candidaturas por sectores de representación,
- Aprobación definitiva de censos electorais,
- Aprobación de modelo de papeletas para os distintos actos electorais e
- Sorteo público para designar os membros das mesas electorais.

A constitución da mesa electoral e as eleccións ao Consello Escolar, mediante votación directa, secreta e non delegable, terán lugar os días e horas que se indican a continuación:

- Alumnado, o día 28 de novembro, de 09:30 ás 13:30 horas.
- Nais/pais/titores legais* de alumnado, o día 28 de novembro, de 19:30 ás 20:30 horas.

A DIRECCIÓN DO CENTRO

*Lémbrese que para poder votar deberase acreditar a súa identidade mediante presentación de DNI ou calquera outro documento acreditativo